



La Aventura de la Consciencia. Diálogos entre ciencia, pensamento y espiritualidad
Vol. 1: Análisis comparativo. Vol. 2: Entrevistas completas

Alicia Martínez Martínez, Cauac Editorial Nativa, Murcia, 2019
(I: 239 pp.; II: 17 pp.)

«A aventura da Consciencia» é un libro que, máis ca ningún outro, escríbese desde a súa portada. Dende aí habemos comezar a lelo. A mirada serena dun ancián ponnos en contacto co esencial. Acompañar a un ser querido que desenvolve a enfermidade de Alzheimer cuestiónanos; con todo, son poucos os que teñen a visión suficiente para profundar na luz tras as poderosas sombras. Alicia Martínez dá un paso máis ao mostrarnos como extraer, desa experiencia emocional, a forza motivadora necesaria para realizar esta obra, por encima –mesmo– do propio exercicio intelectual. A referencia estética á *presenza pura* de Christian Bobin¹, siná-

lanos outro dos alicerces sobre os que se edifica este traballo. O subtítulo escollido, «Diálogos entre ciencia, pensamento e espiritualidade», resulta suxectivo e clarificador. Decídenos a abrillo.

Na lapela, unha breve recensión achéganos á figura de Alicia Martínez, á que algúns lembraredes pola súa experiencia compartida nesta mesma revista co título de «O templo baleiro»². De formación científica, é bióloga de profesión. Cunha forte inclinación artística dende moza cara á pintura, publicou nos últimos anos diversos poemarios relacionados intimamente coas súas propias procuras³, ao igual que o

1 A portada do libro lembra intencionadamente a de *La Presencia Pura* de Cristian Bobin (El Gallo de Oro, Bilbao, 1917), nunha sentida homenaxe á inspiradora obra na cal o escritor francés relata, cunha beleza cegadora, as visitas ao seu pai enfermo de Alzheimer.

2 *Encrucillada*, n.º 208 (maio-xuño 2018), pp. 44-51.

3 Entre outros, *El brotar de la luz* (Editorial Karima, 2015); *Todas las nubes arden*

seu ensaio *Enseñanzas del silencio de Moratiel*⁴, no que deixa clara a profundidade da pegada deste mestre. Destaca tamén a súa faceta de tradutora de Christian Bobin, de quen está vertendo ao castelán de forma sistemática a súa obra –a partir da xa citada–. Non menos importante é o seu compromiso social, ao promover e coordinar talleres de creación poética no ámbito hospitalario. Un perfil que nos leva a comprender que a abordaxe interdisciplinar que propón, para tratar un tema tan complexo, é consubstancial á súa personalidade.

A modo de prólogo, unhas palabras preliminares a cargo de Xosé María Delgado García⁵ desde unha perspectiva neurocientífica, co título *La cara oculta de la realidad*, e outras

(Ediciones en Huida, 2017); *La palabra blanca* (Editorial Sirena de los Vientos, 2019); e *Distancia* (publicación independente impresa por Amazon, 2020).

4 Desclée de Brouwer, Bilbao, 2017.

5 Xosé María Delgado García é licenciado en Medicina e Cirurxía. Fundador en 1978 do laboratorio de Neurociencia da Universidade de Sevilla. Entre os seus moitos méritos recibiu o XIII Premio Maimónides de Investigación Científica e Técnica que concede a Xunta de Andalucía.

de Xavier Melloni Rivas⁶, escritas desde unha espiritualidade moi conciliadora, baixo o epígrafe de *El mundo está en nosotros y nosotros en el mundo*, sintetizan en catro páxinas o interesante xogo que expón o libro, tal e como o concibiu a autora.

A medida que un penetra na súa proposta aumenta o interese ao sentir que estamos ante un traballo honesto e ben estruturado. Volvendo á referencia á súa portada, no Volume I anticipa que o seu esforzo céntrase nunha «Análise comparativa». Esta declaración de intencións non é menor, pois en ocasións, a controversia que suscitan os estudos fóra do estrito ámbito científico, afástanos da fonte principal do coñecemento: a vontade de explorar. A metodoloxía escollida é a de pasar unha entrevista única, vertebrada en catro eixes fundamentais para a comprensión da Consciencia⁷, a dezaoit

6 Xavier Melloni Rivas é sacerdote xesuíta. Licenciado en antropoloxía cultural e doutor en teoloxía, publicou numerosos libros, en particular, sobre diálogo interreligioso e mística comparada.

7 Os catro eixes que engloban as variábeis dependentes escollidas pola autora para o estudo da consciencia son: Consciencia e

persoas⁸ seleccionadas pola súa traxectoria nos ámbitos da ciencia, do pensamento e da espiritualidade. Unha invitación irrenunciábel ao encontro, no que escoitamos para acabar debatendo como uno máis.

Talvez resulte ilustrativo apuntar o que no meu caso facilitou unha especial sintonía con este libro. Na miña experiencia laboral teño traballado sempre en equipos multidisciplinares, coñezo as vantaxes, mais o certo é que xeralmente estes equipos enmárcanse nun paradigma concreto para facilitar a súa viabilidade e operatividade. Alicia non se afasta ante a complexidade, busca e atopa a maneira de levar a cabo o seu proxecto. Non dubida en confrontar nun diálogo profundo posicións que poderíamos considerar opostas. Esta formulación tampouco me resulta allea, durante varios anos participei nun grupo de reflexión sobre temas como o

realidade; Consciencia e identidade; Evolución da Consciencia; e Consciencia e coñecemento.

8 Algunhas delas tan coñecidas para quen le esta revista, como Mónica Cavallé, Enrique Martínez Lozano, Vicente Merlo, Ramón María Nogués, Ramón Cao Martínez e Francisco J. Loura.

que nos ocupa. Atopabámonos periodicamente entre seis e oito mulleres e homes, con diferentes carreiras profesionais, con diferentes sensibilidades espirituais (incluído o ateísmo) e con diferenzas xeracionais importantes. Enriqueceume e goceino moito. Houbo algún choque, malia a boa predisposición xeral. Cando tratas un asunto que foi discutido desde hai polo menos tres mil catrocentos anos, nuclear para fundamentalistas de todo tipo, é complicado non asocialo ao paradigma onde nos atopamos máis cómodos. O noso conxunto de crenzas defínenos en gran medida, é lóxico que o protexamos, mais a apertura que nos propón a autora nada ten que ver con cambios traumáticos ou reconversións. Trátase de asomarse á inmensidade coa calma do que está ben afianzado.

Para iso requírese o máximo respecto polas opinións expresadas, respecto do que se fai patente tanto na persecución incesante dunha difícil obxectividade, como na reprodución íntegra de todas as entrevistas realizadas no Volume II do estudo. Persoalmente agradecín moito esta decisión porque, tras

escudriñar a portada e ler as primeiras páxinas do Volume I, saltar a ese segundo libro, repasar detidamente a entrevista deseñada pola autora e escoitar o que tiñan que dicir os colaboradores individualmente, facilitoume a comprensión.

Recoñezo que tardei en volver ao primeiro libro porque me entretiven con cada autor, cos máis afíns e cos máis afastados das miñas ideas. Podo dicir que experimentei ese achegamento coma se estivese nunha aula concibida como espazo creativo, de achega construtiva, sen proselitismos.

Alicia Martínez desagrega as respostas con mimo. Na súa análise comparativa correlacións coas variábeis dependentes que seleccionou, agrupadas ao redor dos catro eixes mencionados. Sinala as diverxencias e, talvez a maior achega do seu estudo, resalta as confluencias. Das variábeis escollidas pola autora destacaríase a difícil conceptualización do termo consciencia e os dilemas clásicos mente-materia, consciencia-cerebro no primeiro eixe. No segundo, preguntas de tanto calado como «Quen somos?»,

«Existe un eu separado ou é unha ilusión?». Ou a cuestión de que queda de nós sen pensamentos. No terceiro eixe inclúe a discusión sobre a aparición da consciencia e se podemos distinguir niveis de consciencia. No último trata o asunto das ferramentas das que dispoñemos para o coñecemento da consciencia e cuestiónase se é posíbel un enfoque integral que conte coa observación obxectiva e subxectiva, como ela mesma propón con esta triangulación de perspectivas.

En todo iso percibimos un anhelo de abarcar os máximos parámetros posíbeis na aproximación ao tema. É aí onde entrevemos a grandeza do estudo e dos seus límites. As continuas e pertinentes referencias a pensadores orientais e occidentais en forma de citas, contos ou reflexións, ademais de amenizar a lectura sen distraer a atención, fálannos da capacidade de traballo e da preparación da autora.

Na miña opinión é un excelente libro de consulta, tanto para unha primeira aproximación como para quen teña un criterio máis formado sobre

o asunto. Enmárcase nunha tendencia actual de síntese do aprendido até o momento, representado por varias iniciativas nas que conflúen ciencia e experiencia contemplativa. Detecto varios niveis na aproximación á proposta. O máis obvio ten que ver coa riqueza asociada á escoita da diversidade. Outro lévanos a interesarnos polas múltiples referencias nas que cada quen basea as súas disertacións. Outro, ao tenro encontro na reflexión humana. Outro, á introspec-

ción e ao cuestionamiento persoal. Outro, ao silencio e ao que segue. Claro que todo depende do momento de cadaquén.

En definitiva, atopámonos ante un traballo moi vivo. Non só nos refresca conceptos, interpélanos. Como quen non quere a cousa, vai profundando nas capas do lector, até lembrarlle que el tamén leva preguntándose «Quen son?» dende que ten uso de razón.

**Carlos Manuel
González Caporale**